



Sr. Conselleiro de Educación  
D. Román Rodríguez González  
R/ Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
CP 15781 - Santiago de Compostela



As organizacións sindicais CCOO Ensino, ANPE, UGT-Servizos Públicos e CSIF Ensino expoñen:

Queremos manifestarlle a nosa preocupación ante a posibilidade de que non se prorroguen no ámbito educativo as medidas aplicadas debido á pandemia da covid-19, especialmente as que teñen que ver coa contratación de profesorado.

Os sindicatos consideramos que estas medidas deben prorrogarse para reducir as *ratios* nos centros educativos. É unha realidade que na pandemia se encadearon varias fases de expansión do virus e nada fai presaxiar que iso non ocorra durante o vindeiro curso; polo tanto, coa experiencia acumulada durante este ano, débese apostar por estas medidas que permitiron unha certa presencialidade segura nos centros.

Ademais, defendemos que hai que ir alén e garantir a presencialidade total en todas as etapas educativas, polo que é imprescindible a previsión dun aumento na contratación de profesorado, que desde as OOSS integrantes da Comisión, cuantificamos en arredor de 2600 docentes.

A baixada de *ratios* supuxo unha mellora na educación do alumnado, pois permitiu unha ensinanza máis individualizada e unha maior atención educativa a estudantes con necesidades. Diversos estudos sinalan a relación entre a educación en grupos máis reducidos e a mellora na calidade e os resultados académicos do alumnado. Por iso, entendemos que este descenso de *ratios* debe manterse no tempo.

Consideramos que este asunto ha ser materia urxente de acordó na Conferencia Sectorial de Educación, cun compromiso claro de todas as comunidades autónomas na aposta por reducir o número de estudantes por grupo. Veríamos con extremada preocupación que un tema tan importante non acadase o consenso de todas as autonomías e se puidesen provocar situacións de desigualdade entre o alumnado dunhas e outras.

Un cordial saúdo,